

CONSELLO SOCIAL

Marta Villamayor Álvarez, secretaria do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela,

CERTIFICA, con anterioridade á aprobación da acta correspondente, que o Pleno do Consello Social desta Universidade en sesión celebrada o 27 de decembro de 2019, tomou, entre outros, a proposta do Consello de Goberno da USC, o acordo de aprobar a incorporación do Plan de Infraestruturas á Programación Plurianual da USC 2019-2022.

A documentación figura como anexo á presente certificación.

E para que así conste, para os efectos oportunos, expido a presente certificación en Santiago de Compostela, a 27 de decembro de dous mil dezanove, co visto e prace da sra. presidenta.

V^o e Pr.,
A presidenta

Cecilia Sierra Rey





PLAN DE INFRAESTRUTURAS

XESTIONANDO OS RECURSOS DE FORMA EFICIENTE



Índice

1	Introdución	3
2	Diagnóstico	5
2.1	Caracterización xeral das infraestruturas	5
2.2	Situación actual de infraestruturas clave	11
3	Principios e liñas de actuación	21
3.1	Principios	22
3.2	Liñas de actuación	23
4	Actuacións	25
4.1	Novo centro na parcela da Facultade de Farmacia	26
4.2	Ampliación da Facultade de Ciencias da Educación	27
4.3	Rehabilitación integral da Facultade de Medicina e Odontoloxía	27
4.4	Reubicación da Facultade de Enfermaría	27
4.5	Rehabilitación integral da Facultade de Química	28
4.6	Rehabilitación integral da Facultade de Xeografía e Historia	28
4.7	Integración da Facultade de Formación do Profesorado no campus de Lugo-Fingoi	28
4.8	Renovación das instalacións e acondicionamento das residencias universitarias	29
4.9	Rehabilitación do Colexio de Fonseca e do Colexio de San Xerome	29
4.10	Novo modelo de adquisición das subministracións enerxéticas e do mantemento	29
4.11	Renovación das instalacións de subministración enerxética, calefacción e climatización	29
4.12	Reforma dos espazos administrativos dos centros para as unidades de xestión de centros e departamentos	30
4.13	Traslado de servizos ao Pavillón Estudantil e ás Vivendas dos Funcionarios	30
4.14	Cesión de vías, zona verdes e instalacións ao Concello de Santiago	30
4.15	Definir e executar o Plan de Mobilidade e Mellora Urbana no Campus Vida	31
4.16	Mellora urbana e da mobilidade no campus de Lugo	31
5	Planificación, previsións e seguimento	31
5.1	Planificación e previsións temporais	31
5.2	Seguimento	37
6	Estimacións de investimento e aforro	37
	Anexo I. Zonas verdes do Campus Vida	39

1 Introducción

O Plan de Infraestruturas da USC responde ao mandato establecido na Programación Plurianual 2019-2022 e ao compromiso do reitor no seu proxecto de goberno. Tamén integra actuacións aliñadas cos obxectivos de desenvolvemento sustentable aprobados polos órganos de goberno da USC en distintas iniciativas.

Esta planificación dá resposta ás deficiencias dos edificios e instalacións de que dispón a USC para cumprir coas súas funcións docentes, investigadoras e de prestación de servizos á comunidade universitaria. Estas deficiencias agraváronse nos últimos anos pola falta de investimentos en dotacións claves para a docencia e pola diminución dos fondos dedicados á renovación das instalacións.

A resolución destes problemas debe enfrontarse no marco dun modelo de educación superior moi distinto ao que existía no momento en que se construíron as dotacións. Así mesmo, deben terse en conta as restricións orzamentarias da institución e os principios de sustentabilidade, aforro e eficiencia.

A Programación Plurianual da USC para o período 2019-2022 identifica como un dos seus seis eixes fundamentais “xestionar os recursos de forma intelixente”. Para este eixe enuméranse varios obxectivos relacionados coa dimensión e o uso das infraestruturas físicas da USC:

- Optimizar o uso dos espazos e infraestruturas existentes tendendo a reducir a infraestrutura neta construída.
- Xestionar as infraestruturas dende unha perspectiva de minimización do custo, garantindo a igualdade de oportunidades de acceso a todos os investigadores independentemente da cidade na que se atope localizado o campus da USC no que o PDI realice o seu labor docente e investigador.
- Buscar solucións específicas das infraestruturas da USC (Ciencias da Saúde, Ciencias da Educación, Casco Histórico...)
- Adecuar os espazos docentes ás necesidades actuais do estudantado.
- Incrementar a autonomía da Universidade na xestión dos seus recursos económicos.
- Garantir a eficiencia na xestión dos recursos.

- Diseñar un modelo flexible de distribución dos recursos económicos destinados a atender as actividades docentes entre as distintas estruturas responsables delas.

Estes obxectivos concrétnanse nas seguintes accións que afectan particularmente ao uso das infraestruturas:

- [6.1.1] Elaboración e aprobación dun plan de ordenación e xestión das infraestruturas.
- [6.1.2] Cooperación con outras institucións para compartir o uso de infraestruturas comúns.
- [6.1.4] Creación dunha unidade de control e monitorización da xestión global das infraestruturas.
- [6.2.6] Definición de criterios para a distribución dos créditos descentralizados.
- [6.2.2] Aumento da eficiencia dos procedementos de xestión e prestación de servizos.

No proxecto de goberno do reitor establecíase como prioridade “poñer en valor as infraestruturas” e afirmábase que “a Universidade debe gozar dunhas infraestruturas e equipamentos axeitados que permitan desempeñar as súas funcións (docentes, investigadoras e de extensión e servizos) con calidade en todos os seus campus. Ao mesmo, tempo resulta imprescindible impulsar medidas de racionalización para un uso o máis eficiente posible desas infraestruturas co fin de optimizar os seus custos”. Este principio concretábase nas seguintes liñas de actuación relacionadas directamente coa ordenación e xestión das infraestruturas:

- Analizar os espazos non utilizados nos inmobles da Universidade para a optimización do seu uso e a racionalización dos gastos de funcionamento.
- Racionalizar o uso dos espazos e recursos da Universidade, fixando criterios para a súa asignación.
- Elaborar un inventario público e accesible de equipamentos para o coñecemento e posible uso polo persoal da Universidade, tentando evitar as duplicacións innecesarias e optimizando a súa funcionalidade.
- Procurar o financiamento necesario para abordar a construción daquelas edificacións xa programadas.

- Elaborar unha planificación plurianual das obras RAM, atendendo a criterios claros e previamente coñecidos de priorización, para tratar de corrixir o elevado grao de deterioración que están a padecer algúns centros e instalacións da USC.
- Avaliar a eficiencia enerxética de cada edificio e instalación, de xeito que os resultados permitan orientar a política de obra RAM nesta materia.
- Apostar polo uso de enerxías renovables para reducir a pegada enerxética.
- Elaborar, en colaboración coas administracións locais, un programa de accións de mellora de infraestruturas viais e zonas verdes nos campus de Santiago e Lugo.

Así mesmo, as actuacións nesta materia están ligadas aos compromisos de responsabilidade social da institución, principalmente no que se refire ao desenvolvemento sustentable.

Este Plan de Infraestruturas cumpre os mandatos da Programación Plurianual e do proxecto de goberno do reitor, axustándose aos principios e restricións expostos nesta introdución e nos apartados que seguen. O Plan estrutúrase nas seguintes epígrafes:

1. Diagnóstico: contexto das infraestruturas da USC, análise da situación actual das infraestruturas, identificación de necesidades e restricións para o desenvolvemento do plan.
2. Principios e liñas de actuación: definición dos principios reitores do plan e das grandes liñas de actuación nas que se encadran as medidas concretas.
3. Actuacións: enumeración e descrición das actuacións previstas no Plan.
4. Planificación, previsións e seguimento: organización temporal do Plan e mecanismos de seguimento e actualización da planificación.
5. Estimacións de investimento e aforro: estimación do custo das medidas e dos aforros xerados.

2 Diagnóstico

2.1 Caracterización xeral das infraestruturas

A Universidade de Santiago de Compostela ten un modelo de infraestruturas asentado no concepto tradicional de centro docente, especializado nunha área de

coñecemento, que integra todos os espazos necesarios para a docencia, a investigación e a administración. Actualmente a USC dispón de 25 facultades e escolas propias e 2 escolas adscritas situadas en edificios da súa propiedade con aularios específicos, espazos comúns de biblioteca, cafetería, despachos administrativos e laboratorios.

Este modelo respondía a unha situación onde se debía atender ás necesidades de educación superior dun alto número de persoas: no curso 1997-1998 estaban matriculados na USC máis de 42.900 estudantes. A evolución do alumnado, marcada polo descenso continuo, e o perfil de actividades da universidade, onde nos últimos anos aumentou a investigación, non supuxeron ningún cambio no modelo de xestión das infraestruturas.

En 2008, no informe da Universidade Española en Cifras da Conferencia de Reitores de Universidades Españolas, que constitúe a última fonte con datos sobre superficie construída das universidades, a USC contaba xa con 16.000 estudantes menos pero a súa posición polo número de metros cadrados construídos en relación coas outras universidades españolas era a seguinte:

Análise da posición da USC segundo a superficie, o alumnado e o persoal

Posicións das 10 primeiras universidades por superficie construída				
Universidade	Alumnado	PDI (ETC)	PAS	PI
1ª. Complutense	1ª (67.644)	1ª (5.490,5)	1ª (4.195)	6ª (752)
2ª. País Vasco	6ª (43.073)	4ª (3.810,0)	8ª (1.696)	5ª (787)
3ª. Barcelona	4ª (51.205)	3ª (3.852,0)	5ª (2.294)	2ª (875)
4ª. Zaragoza	11ª (27.827)	8ª (2.871,5)	7ª (1.845)	34ª (152)
5ª. Sevilla	2ª (55.898)	2ª (3.889,5)	4ª (2.339)	11ª (540)
6ª. USC	17ª (26.176)	15ª (2.043,5)	15ª (1.156)	16ª (461)
7ª. Valencia (Estudi General)	5ª	6ª	10ª	10ª

	(45.851)	(3.112,0)	(1.638)	(552)
8ª. Politécnica de Cataluña	14ª (26.954)	11ª (2.343,5)	11ª (1.584)	13ª (502)
9ª. Córdoba	30ª (15.212)	30ª (1.236,0)	28ª (703)	7ª (647)
10ª. Politécnica de Valencia	8ª (34.164)	10ª (2.489,0)	9ª (1.673)	9ª (606)

[Fonte: Universidad Española en Cifras 2008-2009. CRUE. Último estudo dispoñible]

Se atendemos só a espazos destinados a docencia, o desequilibrio entre a superficie dispoñible e a posición da universidade é aínda máis relevante:

Posicións das 10 primeiras universidades por superficie de docencia				
Universidade	Alumnado	PDI (ETC)	PAS	PI
1ª. Sevilla	2ª (55.898)	2ª (3.889,5)	4ª (2.339)	11ª (540)
2ª. País Vasco	6ª (43.073)	4ª (3.810,0)	8ª (1.696)	5ª (787)
3ª. Valencia (Estudi General)	5ª (45.851)	6ª (3.112,0)	10ª (1.638)	10ª (552)
4ª. USC	17ª (26.176)	15ª (2.043,5)	15ª (1.156)	16ª (461)
5ª. Oviedo	21ª (23.143)	17ª (1.932,0)	20ª (923)	1ª (918)
6ª. Politécnica de Madrid	7ª (36.367)	7ª (3.038,5)	2ª (2.369)	12ª (518)
7ª. Rey Juan Carlos	20ª (23.247)	27ª (1.336)	37ª (535)	35ª (145)
8ª. Complutense	1ª (67.644)	1ª (5.490,5)	1ª (4.195)	6ª (752)
9ª. Castilla-La Mancha	15ª (26.327)	19ª (1.894,5)	16ª (1.132)	22ª (296)
10ª. Politécnica de Valencia	8ª (34.164)	10ª (2.489,0)	9ª (1.673)	9ª (606)

Nos últimos 15 anos a aposta pola investigación desde as administracións públicas levou a que a estratexia da universidade se dirixira á captación de recursos específicos que, se ben colocaron a USC entre unha das primeiras a nivel estatal, tamén a levaron a un endebedamento derivado dos investimentos en infraestruturas destinados para esa actividade.

No ano 2008, a posición da universidade no contexto español en relación coa superficie de investigación era moi relevante:

Posicións das 10 primeiras universidades por superficie de investigación					
Universidade	Alumnado	PDI (ETC)	PAS	PI	Ingresos I+D+I (miles €)
1ª. País Vasco	2ª (55.898)	4ª (3.810,0)	4ª (2.339)	11ª (540)	3ª (70.194)
2ª. USC	17ª (26.176)	15ª (2.043,5)	15ª (1.156)	16ª (461)	8ª (60.666)
3ª. Politécnica de Valencia	8ª (34.164)	10ª (2.489,0)	9ª (1.673)	9ª (606)	1ª (85.933)
4ª. Valencia (Estudi General)	5ª (45.851)	6ª (3.112,0)	10ª (1.638)	10ª (552)	11ª (39.325)
5ª. Barcelona	4ª (51.205)	3ª (3.852,0)	5ª (2.294)	2ª (875)	5ª (69.906)
6ª. Complutense	1ª (67.644)	1ª (5.490,5)	1ª (4.195)	6ª (752)	13ª (40.865)
7ª. Córdoba	30ª (15.212)	30ª (1.236,0)	28ª (703)	7ª (647)	22ª (21.566)
8ª. Zaragoza	11ª (27.827)	8ª (2.871,5)	7ª (1.845)	34ª (152)	10ª (49.806)
9ª. Autónoma de Barcelona	10ª (20.776)	9ª (2.628,0)	3ª (2.345)	4ª (804)	7ª (65.535)
10ª. Castilla-La Mancha	15ª (26.327)	19ª (1.894,5)	16ª (1.132)	22ª (296)	18ª (32.862)

[Fonte: Universidad Española en Cifras 2008-2009. CRUE. Último estudo dispoñible]

Desde o ano 2008, a USC perdeu arredor de 8.000 alumnos pero aumentou a súa superficie en 46.000 metros cadrados, dos que máis do 80% se corresponderon con infraestruturas destinadas a investigación:

Edifícios construídos desde o ano 2008

Edificio	Uso	Súp. constr.	Ano
Aula de Produtos Lácteos	Investigación	850,00	
Aulario CC. Clínicas Roberto Nóvoa Santos	Docencia	5.240,00	
Centro de Investigación en Química Biolóxica "CIQUS"	Investigación	6.141,00	2008
Centro de Investigación en Medicina Molecular "CIMUS"	Investigación	12.945,00	
Estación Científica do Courel	Investigación	930,00	
Instituto de Biodiversidade Agraria (IBADER)	Investigación	514,00	2009
Laboratorio de Radiofísica	Investigación	323,00	
Centro de Investig. en Tecnoloxía da Información "CITIUS"	Investigación	3.335,00	2010
Edificio laboratorios	Investigación	3.997,00	
Museo de Historia Natural	Servizos á comunidade	3.482,00	2011
Nave para almacén de maquinaria agrícola Lugo	Investigación	619,00	2012
Aula de produtos lácteos (CETAL)	Investigación	697,00	2013
Centro de Biomedicina Experimental de Galicia (CEBEGA)	Investigación	6.907,00	2014
Edificio Laserpet	Investigación	359,00	2015
Total investigación		37.617,00	
Total docencia		5.240,00	
Total servizos á comunidade		3.482,00	
Total		46.339,00	

Fonte: *Universidade de Santiago de Compostela*

Se ben é certo que estas infraestruturas non foron sufragadas exclusivamente pola Universidade, o financiamento a través de anticipos reembolsables e a porcentaxe de orzamento que a USC debía destinar á construción elevou a súa débeda, que a finais de 2019 supón 24 millóns de euros. Por outra banda, a posta en marcha destas dotacións foi incrementando o gasto corrente sen prever nin obter por outras vías un financiamento suficiente para asegurar a súa viabilidade.

O custo por metro cadrado do mantemento das infraestruturas é o que se describe a continuación, sendo o máis elevado o das infraestruturas destinadas exclusivamente á investigación:

Tipo de centro	Custo total m ² Superficie útil
Perfil docente/investigador	25,57 €
Perfil investigador	43,91 €
Perfil administrativo	38,06 €
Perfil de instalación deportiva ou cultural	27,47 €
Perfil de residencia universitaria	33,37 €
Perfil de bibliotecas centrais e arquivo	24,35 €
Outras instalacións	16,77 €
Media custo por m² de superficie útil	28,57 €

Fonte: *Universidade de Santiago de Compostela*

Se realizamos unha comparación coas outras dúas universidades do Sistema Universitario de Galicia, a superficie construída dividida entre o alumnado matriculado en titulacións oficiais revela que a USC é a que ten máis metros cadrados por alumno/a: as Universidades da Coruña e Vigo dispoñen de arredor de 19 m² por alumno mentres que a Universidade de Santiago ten 22 m².

O exceso de superficie construída con respecto ao número de alumnos/as acentúase no campus de Lugo, que experimentou un descenso máis acusado de alumnado que o campus de Santiago sen que por isto se diminuíse a superficie construída en uso.

Desta información conclúese que a USC ten un exceso de superficie construída en relación aos indicadores básicos de docencia e investigación, especialmente acusada nas infraestruturas docentes. Así mesmo, o investimento nos últimos

anos concentrouse en dotacións vinculadas á investigación, sen que dotacións claves para a docencia tivesen as intervencións necesarias para garantir a súa conservación ou substitución.

Cómpre subliñar tamén a singularidade que implica para a Universidade de Santiago de Compostela a oferta e mantemento de 1.200 prazas de residencia universitaria. Este servizo, no contexto actual de especulación cos prezos dos alugueiros, cobra unha especial importancia e constitúe un valor engadido para ofrecer ao noso alumnado.

Así mesmo, a configuración actual das infraestruturas é ríxida e caracterizada por unha identificación de edificios con funcións concretas, o que complica a posibilidade de compartir e optimizar o seu uso.

2.2 Situación actual de infraestruturas clave

Actualmente a Universidade de Santiago de Compostela ten un total de 540.000 metros cadrados construídos, repartidos da seguinte forma segundo o seu uso:

Usos	m ²
Administración	27.179
Docencia/Investigación	352.504
Investigación	105.908
Outros	2.211
Servizos á comunidade	52.682
Total	540.484

Fonte: información do inventario de bens inmobles de 2017

A conservación e uso destas infraestruturas representan unha parte importante do orzamento da universidade: son o segundo factor de custo da actividade da institución unha vez descontados os gastos de persoal.

Ademais do seu volume, estas dotacións presentan no caso da USC dous trazos diferenciais con respecto ás outras dúas universidades galegas:

1. A localización dunha parte moi importante dos edificios en cascos históricos de especial protección, que supoñen máis de 68.000 metros cadrados, cuxa conservación está suxeita a medidas de protección do patrimonio histórico

das que se derivan custos de funcionamento e mantemento superiores aos das infraestruturas situadas en zonas das cidades que non deben cumprir con estes requisitos técnicos e legais.

2. A meirande parte das infraestruturas foi construída nos anos 70 e 80 do século XX e presenta problemas importantes de calidade na construción, adecuación ás necesidades docentes actuais, illamento, climatización, seguridade e deterioración do acondicionamento e equipamento xeral dos edificios.

Así mesmo, hai que ter en conta a superficie urbanizada á que atende a Universidade de Santiago de Compostela, composta por espazos verdes, aparcadoiros propios e vías públicas así como as zonas verdes das instalacións deportivas, e que ascende a 459.550 metros cadrados. Esta superficie sumada á superficie construída acada o millón de metros cadrados.

A situación das infraestruturas na USC caracterízase por existiren dotacións con deficiencias importantes que afectan gravemente á actividade docente clave da institución. A maioría das facultades construíronse ou reformáronse nos anos 70 e 80 e son necesarias actuacións integrais en moitas delas. Os centros con necesidades máis urxentes son os seguintes:

1. Facultade de Farmacia
2. Facultade de Ciencias da Educación (Campus Norte) e Facultade de Enfermaría
3. Facultade de Medicina e Odontoloxía
4. Facultade de Química
5. Facultade de Xeografía e Historia

Así mesmo, hai edificios históricos de gran valor patrimonial para a institución e a cidade de Santiago de Compostela que precisan intervencións urxentes de rehabilitación. Trátase do Colexio de Fonseca e do Colexio de San Xerome.

Ademais das deficiencias en dotacións concretas, hai dúas áreas xerais de actuación que precisan intervencións pola falta de atención nos últimos anos e pola carencia de plans a curto e medio prazo que aseguren a súa conservación e operatividade: as instalacións de subministración enerxética e servizos asociados e mais os espazos públicos do campus de Santiago.

A continuación descríbense os principais problemas de cada unha das dotacións, infraestruturas e espazos mencionados.

2.2.1 Facultade de Farmacia

A Facultade de Farmacia sitúase nun edificio do Campus Vida afectado por graves problemas estruturais e de contaminación por hidrocarburos. Despois da Residencia Universitaria Monte da Condesa é o edificio máis grande (máis de 17.000 m² segundo a ficha catastral) en termos de superficie construída do Campus Vida. O edificio constrúuse a principios dos anos 70 e na actualidade atópase moi afastado dos estándares funcionais e de calidade ambiental requiridos en edificios que albergan laboratorios, especialmente polos equipamentos científicos que se estenden polos corredores e plantas baixo cuberta en tres dos catro edificios que a compoñen.

Detectouse no subsolo do edificio principal unha contaminación por hidrocarburos, debido á falta de estanquidade dos antigos depósitos de fuel e de gasóleo que alimentaban a caldeira de calefacción. Pese aos traballos de descontaminación comezados no ano 2010, non se conseguiu reducir a existencia de hidrocarburos ata os valores de referencia admisibles pola lexislación e actualmente existe persoal destinado no centro que presenta síntomas de sensibilización que poden chegar a ser incompatibles co desenvolvemento da súa actividade no edificio.

Os estudos xeotécnicos detectaron problemas moi graves na cimentación do módulo frontal que comprometen a súa estabilidade. Tanto neste módulo como nos outros tres edificios os forxados da estrutura son deficientes e requiren reforzar toda a estrutura. Así mesmo, constátase unha grande variación na calidade do formigón empregado, problemas de illamento nas fachadas, cubertas e carpinterías e climatización inadecuada. Tendo en conta a data de construción do centro e mais a baixa calidade da edificación, manter os usos do centro fai necesaria unha reforma integral que o adapte aos requisitos e normativas actuais, sen que se dispoña de informes técnicos que garantan completamente a viabilidade da estrutura. Así mesmo, a estrutura interna do edificio, constituída por pilares e pórticos dunha determinadas dimensións, limita severamente as posibilidades de reforma, de maneira que é difícil cubrir as necesidades funcionais que ten actualmente a docencia e a investigación da área de ciencias da saúde.

A situación descrita obrigou a distribuír o alumnado do centro (1.300 persoas) nos edificios das Facultades de Bioloxía, Dereito e Relacións Laborais, situación que se mantén desde hai 4 anos e para a que é imprescindible atopar unha solución.

A USC acometeu obras para asegurar o módulo central pero demostráronse insuficientes para resolver estes problemas, polo que se decidiu a súa clausura e futura demolición.

2.2.2 Facultades de Ciencias da Educación (campus Norte) e de Enfermaría

O edificio situado en Xoán XXIII está dividido para dar servizo á Facultade de Enfermaría e a unha parte do alumnado da Facultade de Ciencias da Educación. A súa construción é de 1975 e a parte de Enfermaría foi parcialmente reformada no ano 1997, pero o edificio está deteriorado e non cumpre coas condicións esixibles para instalacións destinadas ao alumnado.

Presenta graves problemas de filtración de auga nas fachadas, especialmente importantes na principal da rúa Xoán XXIII. No ano 2012 fixéronse obras de urxencia na fachada suroeste para mitigar os problemas máis graves. Ademais das filtracións de pluviais, o estado xeral do saneamento e aseos é malo, dándose filtracións de residuais que nalgúns zonas son visibles a simple vista. O estado da instalación eléctrica é deficiente e as saídas de evacuación non son adecuadas en caso de incendio. Así mesmo, é necesaria a renovación de case toda a carpintería e o acondicionamento xeral do centro, moi deteriorado polo uso.

A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia advirte desta circunstancia nos informes de acreditación dos títulos que alí se imparten: “Aínda que está previsto un cambio de sede da Facultade, dado que este non parece inminente, debe facerse un esforzo, por parte do centro e por parte da universidade, para mellorar as infraestruturas máis obsoletas do edificio”.

No caso de Ciencias da Educación, a Facultade dispón dun edificio no Campus Vida en mellores condicións pero que non ten espazo suficiente para albergar o alumnado, persoal de administración e servizos e profesorado que emprega o edificio da avenida Xoán XXIII.

2.2.3 Facultade de Medicina e Odontoloxía

O edificio que ocupa a Facultade de Medicina e Odontoloxía na rúa de San Francisco é un edificio histórico con deficiencias de conservación. O centro ten a súa actividade docente vinculada ao Complexo Hospitalario Universitario de Santiago no barrio da Choupana, onde dispón dun aulario construído no ano 2009 no que estuda o alumnado dos cursos superiores, con contidos relacionados coa práctica hospitalaria. Ese aulario acolle tamén a alumnado da Facultade de Enfermaría mentres se atopa recibindo docencia clínica.

O proxecto de construción dunha nova Facultade de Medicina implica unha contribución da Xunta de Galicia de 22 millóns de euros. As últimas estimacións, de xaneiro de 2019, elevan o custo dese proxecto ata os 70 millóns de euros, cunha previsión temporal de execución de 10 anos. O custo é imposible de financiar para a Universidade de Santiago de Compostela e ademais esgotaría a súa capacidade para investir no alumnado, no persoal e nas infraestruturas que o precisan. Por outra parte, o calendario de actuacións obrigaría á Universidade a realizar paralelamente investimentos na actual Facultade esixindo aínda máis recursos.

O edificio da Facultade de Medicina e Odontoloxía da rúa de San Francisco require unha reforma integral para manter os seus usos. As últimas obras importantes datan dos anos 60, momento no que se engadiron entreplantas nalgún dos niveis para aumentar a superficie útil. Requírese a renovación completa da cuberta, a impermeabilización e illamento interior das fachadas, a substitución de toda a carpintería, a revisión das entreplantas con alturas inadecuadas e a reestruturación dos espazos dedicados a aulas para ter en conta as necesidades de programación da docencia práctica, de simulación e da área de Medicina Legal.

Así mesmo, é necesario introducir un novo equipamento de climatización para asegurar a calidade do aire nas aulas e, moi especialmente, nos laboratorios. O acondicionamento xeral do centro e o equipamento é antigo e tamén precisa de renovación.

Ademais do edificio da rúa San Francisco, a Facultade usa un edificio para os estudos de Odontoloxía na parcela situada no cruce das rúas de Entrerríos e

Domingo García-Sabell. Con independencia da súa situación patrimonial, o edificio require de intervencións urxentes na envolvente, instalacións, acondicionamento xeral interior e, moi en particular, renovación de aulas de prácticas preclínicas e clínicas. Convén lembrar que este centro ten a cualificación de centro asistencial por parte da Consellería de Sanidade.

Así, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia advirte do estado das dotacións nos informes de acreditación dos títulos que alí se imparten: “recoméndase prestar especial atención á renovación e ao mantemento dos equipos e dos laboratorios que, na Facultade de Medicina e Odontoloxía, son utilizados por todos os estudantes do Grao en Medicina (especialmente tendo en conta o volume de estudantes que actualmente soporta este título)”.

2.2.4 Facultade de Química

A Facultade de Química, situada no Campus Vida, presenta síntomas evidentes de deterioración dos espazos e das instalacións. É preciso continuar coa renovación da cuberta e requírese actuar sobre a carpintería, que só se renovou moi parcialmente, polo que o illamento do edificio é deficiente. As aulas de docencia para grupos grandes (8) están renovadas de xeito moi desigual e algunhas delas teñen as instalacións e mobiliario orixinais. No ano 2019 afrontouse a renovación dunha parte importante dos laboratorios de docencia, co seu traslado á planta do soto, pero aínda quedan varios laboratorios en condicións moi deficientes de acondicionamento de espazos, mobiliario e instalacións. Os espazos ocupados polos departamentos son moi antigos e precisan dunha rehabilitación integral. O mesmo estado de deterioración e falta de renovación preséntase nos espazos comúns, cuartos de baño, etc.

Mención á parte merecen as instalacións. Os cadros eléctricos e instalación completa do edificio precisa de ser substituída e xa está por debaixo das necesidades actuais. O sistema de calefacción é antigo e precísase a substitución completa da fontanería. Agás nos novos laboratorios de docencia, no resto de instalacións de laboratorio a renovación de aire e climatización é inadecuada.

Finalmente, a historia da Facultade levou a que as reformas parciais que se fixeron e a ocupación dos espazos sexa moi irregular, precisándose unha reforma integral que ordene os espazos de docencia e investigación, renove as instalacións,

reduza os gastos de conservación e mantemento e aumente a eficiencia enerxética do edificio.

2.2.5 Facultade de Xeografía e Historia

A Facultade de Xeografía e Historia, integrada no casco histórico da Cidade de Santiago, presenta deficiencias importantes na estrutura, onde se teñen detectado deformacións graves en vigas e placas que se están avaliando para determinar se é precisa a substitución ou é suficiente co reforzo.

As saídas de emerxencia no primeiro e segundo andar non son adecuadas e requiren a intervención nas escaleiras traseiras. O engadido do espazo para a biblioteca no último andar e o peso do almacén de libros compromete a estrutura e estase a estudar a necesidade dunha nova localización para este espazo.

Así mesmo, a altura das entreplantas que se engadiron non respecta a normativa e aínda que a cuberta se reformou segue habendo problemas de filtracións na medianeira coa Igrexa da Compañía. A climatización é inadecuada, as instalacións eléctricas non teñen a dimensión correcta para as necesidades actuais e requírese a substitución do equipamento de calefacción. O acondicionamento e equipamento xeral é moi antigo e precisa de renovación.

As actuacións necesarias nesta facultade deben estar encadradas no Plan Director, actualmente en elaboración polo Consorcio da Cidade de Santiago.

A reforma que cómpre acometer complícase polos resultados do estudo da presenza de gas radon en edificios do casco histórico, pois o traballo realizado polo Laboratorio de Radon de Galicia e o informe encargado pola USC ao Instituto Eduardo Torroja de Ciencias de la Construcción, do CSIC, poñen de manifesto que os niveis de radon neste centro son bastantes veces superiores aos valores máximos de referencia establecidos pola normativa europea de aplicación.

2.2.6 Dotacións do Sistema Universitario de Residencias

Unha das fortalezas da USC de cara a promover o acceso ao sistema universitario é dispor dunha rede de residencias que ofrece 1.200 prazas aos/ás estudantes a prezos moi competitivos, tendo en conta especialmente o incremento de prezos provocado polo aumento de demanda no mercado de alugueiro que se vén dando nos últimos anos, fundamentalmente debido á presión turística.

Aínda que o estado xeral das residencias é adecuado, hai que ter en conta que estas dotacións supoñen unha parte importante dos gastos en subministracións e mantemento, e é conveniente introducir medidas de aforro e optimización do consumo que ademais de favorecer a redución do gasto terán como consecuencia a mellora das condicións de habitabilidade nestes centros.

No caso dos Colexios Maiores Fonseca, Rodríguez Cadarso e San Clemente é necesario actualizar os sistemas de calefacción, pensando nunha solución unificada para as tres instalacións. No caso da Residencia Universitaria Burgo da Nacións, é urxente reducir o consumo e o mantemento do sistema de calefacción introducindo instalacións máis modernas. No caso da Residencia Universitaria Monte da Condesa, a envolvente presenta deficiencias serias que, ademais das consecuencias que teñen para a conservación do edificio, fan moi ineficiente esta dotación desde o punto de vista enerxético. Na Residencia Universitaria Jesús Bal y Gay tamén é necesario adoptar medidas sobre as instalacións para mellorar o confort, reducir o gasto e aumentar a eficiencia.

2.2.7 Colexio de Fonseca e Colexio de San Xerome

O Colexio de Fonseca e o Colexio de San Xerome son dous edificios de especial valor patrimonial e histórico para a institución e a cidade de Santiago de Compostela. Así mesmo, pola súa situación son unha parte integral da oferta turística da cidade, e cobran relevancia especial no caso de eventos como o Xacobeo 2021, impulsados pola Comunidade Autónoma.

Ambos os edificios presentan signos evidentes de deterioración tanto no exterior como no interior, que aconsellan unha intervención parcial para reparar estas deficiencias.

É urxente a limpeza de fachadas e a impermeabilización de canlóns, a limpeza do claustro de Fonseca, a reposición de pinturas e a reparación de elementos artísticos e arquitectónicos. Así mesmo, é conveniente a reparación e substitución de carpinterías, tanto pola súa deterioración como para mellorar a eficiencia enerxética destes edificios. Nesta mesma liña de actuacións, é necesario revisar as instalacións, renovándoas para adaptalas ás necesidades actuais e reducir o consumo enerxético.

A reforma que cómpre acometer complícase polos resultados do estudo da presenza de gas radon en edificios do casco histórico, pois o traballo realizado polo Laboratorio de Radon de Galicia e o informe encargado pola USC ao Instituto Eduardo Torroja de Ciencias de la Construcción, do CSIC, poñen de manifesto que os niveis de radon nestes edificios son bastantes veces superiores aos valores máximos de referencia establecidos pola normativa europea de aplicación.

2.2.8 Instalacións de subministración enerxética e servizos asociados

As infraestruturas de subministración enerxética e os servizos asociados (iluminación, climatización, calefacción, auga quente sanitaria, etc) son, despois dos gastos derivados da limpeza das instalacións, o segundo factor de gasto no capítulo II dos orzamentos da universidade. Nos orzamentos do ano 2019, as aplicacións orzamentarias centralizadas dedicadas a estes conceptos foron as seguintes:

Descrición	Importe
Reparación e mantemento de maquinaria e instalacións	1.400.000 €
Subministracións centralizadas	5.350.000 €
Total do gasto corrente en infraestruturas	6.750.000 €
Total capítulo II	26.742.065 €
Porcentaxe do gasto corrente en infraestruturas sobre o total	25,24%

A estas cantidades deben engadirse os investimentos consignados nas aplicacións orzamentarias de obra RAM, tanto centralizadas como descentralizadas, que se dedican ao mantemento e renovación destas instalacións (3.000.000 € no orzamento do ano 2019).

O estado das instalacións eléctricas, de climatización e de calefacción é moi dispar e está directamente relacionado coa antigüidade dos edificios aos que serven. Dado que moitas das dotacións da USC foron construídas nos anos 70 e 80, as instalacións destas edificacións requiren de renovación e reforzo para adaptalas ás necesidades actuais e reducir os gastos de mantemento, así como para introducir novos sistemas de control e xestión para aumentar a eficiencia e reducir os consumos. Unha parte importante dos edificios aínda utiliza o gasóleo como fonte enerxética para calefacción e auga quente sanitaria, polo que urxe a

substitución destes equipamentos por outros que empreguen fontes de enerxía menos contaminantes e máis eficientes.

O illamento térmico dos edificios máis antigos é moi deficiente, polo que urxe a súa renovación para reducir o consumo e aumentar a eficiencia enerxética. Debe terse en conta que algún dos edificios afectados por estes problemas son os máis grandes e de maior consumo do campus: Residencia Universitaria Monte da Condesa, Colexios Maiores, Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, Facultade de Dereito ou Facultade de Química.

No apartado das infraestruturas de subministración merece unha mención á parte o sistema de coxeración, que fornece unha parte importante da electricidade e calor consumidos nos Campus Vida e Campus Norte. As primas á coxeración en España rematan en seis anos e a opinión xeral no sector é que non se renovarán. De darse esta situación este sistema non sería rendible para a USC polo que é necesario pensar as alternativas para substituílo a medio prazo sen desbaldir, na medida do posible, o investimento realizado, sobre todo no que se refire ás canalizacións e rede de distribución aos centros.

Finalmente, á parte dos gastos derivados da xeración e subministración da enerxía, debe terse en conta que os gastos de mantemento son unha parte importante do gasto nestes conceptos. Un enfoque moderno da xestión enerxética aconsella tratar conxuntamente subministración, mantemento, investimentos e sustentabilidade, buscando fórmulas de contratación e xestión que promovan a optimización conxunta destas variables. O modelo actual da USC, onde non hai unha conexión directa entre estes aspectos que incentive o investimento dirixido ao aforro no consumo, pero tamén ao mantemento, dificulta xerar aforros significativos nesta área.

2.2.9 Espazos públicos do Campus Vida

Como xa se enunciou en apartados anteriores, unha parte moi importante do Campus Vida está ocupada por vías públicas e zonas verdes, xunto coas instalacións asociadas: iluminación, saneamento, redes eléctricas, de gas, de auga e de telecomunicacións. Pola súa localización, é un espazo fundamental para o desenvolvemento urbanístico da cidade e para os plans de mobilidade que

está a estudar o Concello, tanto polas características do propio espazo como polas posibilidades de articulación das vías e barrios que o circundan.

No ano 2005, o Concello de Santiago e a USC asinaron un convenio de colaboración no que a USC cedía a titularidade das vías públicas do campus e dalgunhas das súas zonas verdes. Esta cesión levaba aparellada o deber de mantemento das vías, redes de subministración de auga e saneamento, así como da iluminación e mobiliario urbano do campus. Por circunstancias diversas o convenio non se chegou a facer efectivo no que respecta á transmisión patrimonial nin aos investimentos comprometidos nestes espazos, que presentan un elevado grao de deterioración tanto no que se refire á conservación do pavimento e mobiliario como no que respecta á iluminación, moi vinculada á seguridade do campus en horario nocturno.

Así mesmo, no ano 2010 aprobouse o documento Revisión e Adaptación do Plan Especial de Ordenación do Campus Universitario (PE-8), integrado no Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente. Neste documento prevíase a elaboración, por parte da universidade, dun Plan de Mobilidade e Mellora Urbana que concretase as accións necesarias para ordenar racionalmente a circulación de persoas e vehículos no campus e mais o plan de melloras necesarias para as dotacións deste espazo público.

As consecuencias da falta de cumprimento efectivo destes plans e acordos son evidentes no estado das vías, mobiliario urbano, iluminación, redes de subministración e organización da mobilidade na zona afectada polo PE-8, e urxe poñer en marcha as medidas concertadas para darlles solución.

3 Principios e liñas de actuación

Do diagnóstico da situación das infraestruturas da USC e do contexto económico e institucional no que debe operar este plan dedúcense os principios reitores para a formulación das liñas de actuación e intervencións concretas. Estes principios e as liñas enuméranse e explícanse a continuación e as accións e intervencións particulares descríbense no apartado de Actuacións.

3.1 Principios

3.1.1 Dar prioridade aos investimentos nas dotacións docentes e residenciais

As intervencións do plan dirixiranse en primeiro lugar a resolver os problemas urxentes no ámbito da docencia, con especial atención ás titulacións da área de ciencias da saúde e a aqueloutros centros docentes afectados por deficiencias moi graves. Así mesmo serán prioritarias as actuacións de mellora das dotacións residenciais.

3.1.2 Reducir a superficie construída

As actuacións que se programen no plan deben ter necesariamente como consecuencia a redución global da superficie construída, tanto no que se refire ás edificacións como ás infraestruturas do espazo público que debe manter a universidade. A aplicación deste principio debe concretarse na redución do gasto asociado ás subministracións, limpeza, mantemento e seguridade destas dotacións e espazos.

3.1.3 Organizar de forma modular os espazos e favorecer o uso compartido

As intervencións de rehabilitación dos edificios ou as novas construcións deben concibirse desde o inicio partindo dunha organización modular e do uso compartido dos espazos, fuxindo do modelo tradicional de espazos exclusivos para centros ou unidades e terán en conta as dotacións que existen na súa contorna para non introducir espazos redundantes.

3.1.4 Mellorar a eficiencia das instalacións e da súa xestión

Todas as intervencións terán en conta a necesidade de mellorar a eficiencia no uso e xestión das instalacións, especialmente no que se refire ás subministracións enerxéticas, ao mantemento e á eficiencia enerxética co fin de alcanzar os obxectivos de aforro e os compromisos de sustentabilidade asumidos pola institución.

3.1.5 Achegar os servizos ao alumnado e ao profesorado

Promoveranse actuacións nos centros para achegar a administración e servizos ao alumnado e ao profesorado, en coherencia coas iniciativas de descentralización que se están tomando na organización destes servizos. Simultaneamente, favorecerase a prestación dos servizos ao alumnado e

profesorado que pola súa natureza prestan unidades centralizadas localizándoos nos espazos naturais de actividade destes dous colectivos.

3.1.6 Impulsar a colaboración coas institucións locais, autonómicas e estatais

A USC non pode afrontar en solitario as actuacións que se programan neste plan, tanto pola súa situación económica e financeira como pola relación destas accións cos plans de ordenación universitaria, financiamento, ordenamento do espazo público e plans de diversificación enerxética e sustentabilidade que son competencia das institucións locais, autonómicas e estatais. As medidas integradas neste plan deben acompañarse cos instrumentos de colaboración que se determinen para concretar a implicación destas institucións.

3.2 Liñas de actuación

A continuación enuméranse as liñas de actuación do plan e as actuacións encadradas en cada liña e relaciónanse cos principios do plan.

3.2.1 L1: renovación e reordenación das dotacións docentes e residenciais nos campus de Santiago de Compostela e Lugo

Esta liña comprende as seguintes actuacións:

1. Construción dun novo centro para a área das Ciencias da Saúde na parcela da actual Facultade de Farmacia
2. Ampliación da Facultade de Ciencias da Educación
3. Rehabilitación integral da Facultade de Medicina e Odontoloxía
4. Reubicación da Facultade de Enfermaría
5. Rehabilitación integral da Facultade de Química
6. Rehabilitación integral da Facultade de Xeografía e Historia
7. Integración da Facultade de Formación do Profesorado no campus de Lugo-Fingoi
8. Renovación das instalacións e acondicionamento das residencias universitarias

A elección destas actuacións e intervencións responde ao principio de dar prioridade aos investimentos nas infraestruturas docentes na área de Ciencias da Saúde e nos edificios de uso fundamentalmente docente con deficiencias máis graves, ademais de mellorar as residencias e colexios. O conxunto das actuacións

deberá supor unha redución neta da superficie construída, derivada da redución do volume de edificación na parcela de Farmacia e do alleamento do edificio das Facultades de Ciencias da Educación e Enfermaría na Avenida Xoán XXIII. Así mesmo, a integración da Facultade de Formación do Profesorado no campus de Lugo-Fingoi permitirá axustar a dimensión das dotacións do campus de Lugo ao número de alumnos, reforzar a coherencia no deseño do campus e facer posible o alleamento do edificio da Avenida de Ramón Ferreiro.

3.2.2 L2: rehabilitación do patrimonio

Nesta liña intégranse as seguintes accións:

1. Rehabilitación do Colexio de Fonseca e do Colexio de San Xerome
2. Rehabilitación integral do edificio de San Francisco da Facultade de Medicina e Odontoloxía
3. Rehabilitación integral da Facultade de Xeografía e Historia

Estas actuacións responden aos principios de mellora das infraestruturas docentes e requiren da colaboración das institucións implicadas na conservación do patrimonio e na dinamización da cidade.

3.2.3 L3: mellora das instalacións e do modelo de xestión

Nesta liña desenvolveranse as seguintes actuacións:

1. Definición, licitación e posta en marcha dun novo modelo de adquisición das subministracións enerxéticas e de mantemento.
2. Renovación das instalacións de subministración enerxética, calefacción e climatización para reducir o consumo, aumentar a eficiencia e favorecer a sustentabilidade.

Nestas accións aplicaranse os principios de mellora da eficiencia das instalacións e da súa xestión así como a colaboración coas institucións e organismos que promoven e financian os programas de mellora da eficiencia enerxética e o cumprimento das axendas autonómicas, estatais e europeas nesta materia.

3.2.4 L4: redistribución das unidades administrativas e de servizos

A liña comprende as seguintes iniciativas:

1. Reformar os espazos administrativos e de servizos dos centros para materializar a reorganización dos efectivos das unidades de xestión de centros e departamentos.
2. Habilitar o Pavillón Estudantil e as Vivendas dos Funcionarios para situar nestes edificios os servizos centrais vinculados directamente coa atención ao alumnado e ao profesorado.

Nesta liña concrétase o obxectivo de achegar os servizos ao alumnado e ao profesorado, localizándoos nos espazos onde desenvolven a súa actividade cotiá. Terá que supor unha redución neta da superficie construída, consecuencia do alleamento da Casa Jimena e Elisa, e permitirá optimizar os espazos nos edificios de servizos centrais do casco histórico.

3.2.5 L5: mellora urbana e organización da mobilidade no Campus Vida e no campus de Lugo

As actuacións previstas nesta liña son:

1. Facer efectiva a cesión ao Concello de Santiago das vías e zonas verdes do Campus Vida incluídas no convenio de 2005, xunto coas instalacións, infraestruturas e mantementos asociados.
2. Definir e executar o Plan de mobilidade e mellora urbana do PE-8, en colaboración co Concello de Santiago.
3. Impulsar a colaboración co Concello de Lugo para mellorar a mobilidade entre o centro da cidade e o campus e buscar vías de colaboración co Concello para aproveitar os programas de mellora urbana.

Ambas as actuacións céntranse en conseguir unha redución substancial da superficie urbanizada da que é responsable a USC, asegurar as melloras necesarias neses espazos, aproveitar as actuacións de mellora urbana nos viarios para renovar as redes de subministración, sumarse ás iniciativas de modernización das infraestruturas, introducir novos modelos sustentables de conexión dos espazos urbanos e ordenar a mobilidade de persoas e vehículos no campus.

4 Actuacións

As actuacións que concretan o plan descríbense nos seguintes apartados. A súa definición e valoración detallada é obxecto da primeira fase do plan, polo que as

descricións que aquí se inclúen son indicativas e están suxeitas á identificación das necesidades reais, á avaliación técnica do estado real das dotacións e ás restricións técnicas, legais e orzamentarias que se determinen na elaboración dos anteproxectos e proxectos correspondentes.

4.1 Novo centro na parcela da Facultade de Farmacia

O novo edificio que se construíra na parcela que ocupa actualmente o edificio da Facultade de Farmacia responderá aos principios de deseño modular e uso compartido. Tratarase dunha dotación que comprenderá os espazos docentes, de investigación e de administración relacionados coa actividade da Facultade de Farmacia e cos outros usos que se determinen para actividades da área de Ciencias da Saúde que o estudo de necesidades aconselle situar no Campus Vida co fin de materializar a idea dun campus de ciencias da saúde. En particular, o edificio será a sede da Facultade de Farmacia.

Prevese unha superficie construída de arredor de 12.000 metros cadrados, á espera do estudo detallado das necesidades e usos que se abordará na fase de definición do anteproxecto. O novo edificio deseñárase seguindo os principios de estrutura modular, reutilización de espazos e eficiencia enerxética e, de acordo co Plan de mobilidade e mellora urbana que está a elaborar o Concello de Santiago, integrarase na reurbanización e posta en valor da Praza do Seminario de Estudos Galegos. Suporá unha redución efectiva da superficie construída de 5.000 metros cadrados.

Previamente á elaboración do anteproxecto e proxecto básico para esta dotación abrirase un proceso de reflexión sobre o uso dos espazos na contorna da Praza do Seminario de Estudos Galegos, que involucrará ás persoas e grupos da USC que poidan contribuír á definición do novo edificio, e de usos compartidos nos existentes, co fin de definir un proxecto que materialice os principios de sustentabilidade, economía, eficiencia enerxética, uso de materiais e técnicas innovadoras e uso compartido dos espazos, tanto no novo edificio como nos circundantes. Dentro destes parámetros de uso responsable dos recursos públicos e posta en valor do coñecemento propio da USC, esta actuación debe servir para que a universidade dispoña dun edificio singular que represente adecuadamente a importancia que a área de ciencias da saúde ten para a institución.

4.2 Ampliación da Facultade de Ciencias da Educación

Co fin de evitar a rehabilitación do edificio da Avenida de Xoán XXIII e permitir o seu alleamento ampliarase o edificio da Facultade de Ciencias da Educación no Campus Vida. A ampliación dedicarase aos espazos docentes necesarios para acoller o alumnado que agora recibe docencia no edificio do Campus Norte, aos espazos para a investigación e aos espazos administrativos estudando en conxunto coas instalacións actuais o uso dos espazos para dar unha dimensión correcta á ampliación.

Ademais das vantaxes que suporá en termos de eficiencia enerxética e uso compartido das instalacións, mantemento e administración co centro actual do Campus Vida, esta actuación, xunto co traslado da Facultade de Enfermaría, implicará unha redución neta da superficie construída de 6.600 metros cadrados.

4.3 Rehabilitación integral da Facultade de Medicina e Odontoloxía

O edificio da Rúa San Francisco que é actualmente sede da Facultade de Medicina e Odontoloxía rehabilitarase integralmente. Na fase de anteproxecto determinarase o estado real da dotación no que se refire ao estado das cubertas, impermeabilización de fachadas, substitución de carpinterías, renovación das instalacións e reforma interior para adecualo ás necesidades docentes actuais. Así mesmo, crearase na reforma o espazo dedicado á unidade de xestión do centro e departamentos.

No caso do edificio que acolle á titulación de Odontoloxía renovarase a envolvente e os espazos interiores, con especial atención ás áreas de práctica clínica e aos espazos do centro dedicados á actividade asistencial. A reforma deste edificio está suxeita á sinatura do convenio de cesión por parte do Concello de Santiago.

4.4 Reubicación da Facultade de Enfermaría

Na fase de anteproxecto do novo centro de ciencias da saúde e no de rehabilitación da Facultade de Medicina e Odontoloxía avaliaranse as necesidades docentes e de espazos de investigación e de administración da Facultade de Enfermaría para determinar a localización final deste centro nunha destas dúas dotacións.

4.5 Rehabilitación integral da Facultade de Química

No que respecta á envolvente do edificio, completárase a renovación da cuberta do edificio actual e a substitución das carpinterías. En función do programa de necesidades determinado na fase de anteproxecto, actualizarase a distribución interior do centro para adaptalo ás novas necesidades docentes e renovaranse os espazos, o mobiliario e as instalacións, especialmente as relacionadas coa subministración eléctrica, calefacción e climatización.

4.6 Rehabilitación integral da Facultade de Xeografía e Historia

As actuacións de rehabilitación integral na Facultade de Xeografía e Historia están condicionadas polos estudos técnicos que se están a realizar no marco da elaboración do Plan Director, a cargo do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela. Así mesmo, dependerán da determinación de necesidades que se concreten na fase de redacción do anteproxecto. Dos informes previos que se teñen realizado, dedúcese que é necesaria a mellora da envolvente no que se refire á reparación e impermeabilización de fachadas e renovación da carpintería; a substitución da instalación eléctrica e de iluminación; a eliminación de entreplantas e a reforma e acondicionamento interior; a implantación de medidas para a eliminación do gas radon.

4.7 Integración da Facultade de Formación do Profesorado no campus de Lugo-Fingoi

A Facultade de Formación do Profesorado localízase actualmente nun inmoible da Avenida de Ramón Ferreiro e trátase da única dotación docente do campus de Lugo que non está situada no campus universitario da área de Fingoi. A integración deste centro no campus de Lugo-Fingoi é posible despois de que este experimentara unha redución considerable no número de alumnos e alumnas que estudan na cidade. O traslado aos edificios do campus de Lugo-Fingoi requirirá un estudo completo das necesidades do centro e unha reordenación dos usos nesta área. Así mesmo, a intervención preverá unha dotación para as instalacións deportivas coas que actualmente conta a Facultade e unha solución adecuada para as necesidades das aulas de prácticas. Esta actuación debe estudarse en conxunto coas medidas de mellora da mobilidade entre o centro da cidade e o campus e ambas medidas contribuirán a darlle un deseño coherente e

cohesionado ao campus. O alleamento desta dotación contribuirá a reducir en 12.000 m² a superficie construída.

4.8 Renovación das instalacións e acondicionamento das residencias universitarias

En función das dispoñibilidades orzamentarias e do investimento que se poida obter doutras institucións, acometeranse as actuacións de renovación da envolvente da Residencia Universitaria Monte da Condesa, acondicionamento xeral dos colexios maiores, melloras nas instalacións de calefacción nos colexios maiores e na Residencia Universitaria Burgo das Nacións e mellora da eficiencia enerxética da Residencia Universitaria Bal y Gay.

4.9 Rehabilitación do Colexio de Fonseca e do Colexio de San Xerome

As actuacións de rehabilitación do Colexio de Fonseca e do Colexio de San Xerome centraranse en reparar as deficiencias identificadas nestes dous edificios: impermeabilización e limpeza de fachadas, limpeza do claustro, substitución de carpinterías, reforma e acondicionamento interior e renovación das instalacións e dos sistemas de control e xestión enerxéticos e a implantación de sistemas para a diminución dos niveis de gas radon.

4.10 Novo modelo de adquisición das subministracións enerxéticas e do mantemento

Definirase, licitarase e implementarase un novo modelo de xestión das subministracións enerxéticas e mantementos asociados que permita obter os mellores prezos dispoñibles para as subministracións, que integre o mantemento nun marco que favoreza o aforro e a eficiencia, que permita afrontar as avarías de elementos críticos mediante un sistema de garantía total e que integre os investimentos necesarios para as melloras nas instalacións e equipamentos que permitan reducir o consumo e os gastos de mantemento. O obxectivo de aforro mínimo deste novo modelo é dun 5% sobre o gasto no capítulo II nas aplicacións orzamentarias de subministracións enerxéticas e de mantemento asociado.

4.11 Renovación das instalacións de subministración enerxética, calefacción e climatización

No marco desta acción programaranse as melloras das instalacións e equipamentos de subministración enerxética, calefacción e climatización que non se recollan na licitación do novo sistema de xestión de servizos enerxéticos e

mantemento. Estes investimentos estarán aliñados coa iniciativas de mellora da eficiencia enerxética e uso de enerxías renovables impulsadas polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA).

4.12 Reforma dos espazos administrativos dos centros para as unidades de xestión de centros e departamentos

Nos centros comprendidos nas accións anteriores de nova construción ou rehabilitación incluíranse as intervencións necesarias para implementar os espazos dedicados ás unidades de xestión de centros e departamentos, aplicando a estes espazos físicos os principios que guían esta reforma organizativa. Adicionalmente aos centros incluídos nas accións de construción e reforma deste plan, actuarase na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

Esta iniciativa incorporarase progresivamente ao resto dos centros como unha actuación prioritaria a aplicar nas correspondentes Unidades de Xestión de Centros e Departamentos atendendo sempre á dispoñibilidade orzamentaria anual das aplicacións dedicadas a obra RAM

4.13 Traslado de servizos ao Pavillón Estudantil e ás Vivendas dos Funcionarios

Os servizos centrais dedicados a prestar servizos que requiren a atención directa ao alumnado ou ao profesorado, ou unidades específicas destes servizos con esta característica, trasladaranse ao Pavillón Estudantil e aos espazos libres no edificio Vivendas dos Funcionarios. Na fase de anteproxecto determinaranse as necesidades de redistribución e reforma destes espazos para adaptalos ás novas realidades de xestión e ás necesidades derivadas do traslado dos servizos que actualmente están localizados nos edificios do casco histórico.

4.14 Cesión de vías, zona verdes e instalacións ao Concello de Santiago

O convenio de colaboración asinado co Concello de Santiago en 2005 prevé a cesión de todas as vías de uso público do Campus Vida e das zonas verdes ZV-1, ZV-2, ZV-6, ZV-7, ZV-8, ZV-10 e ZV-12, así como das infraestruturas de iluminación pública, saneamento e subministración de auga. Abordaranse as actuacións necesarias para separar as redes eléctricas dedicadas á iluminación e mais as de abastecemento de auga e saneamento e completaranse o proceso de transmisión da titularidade patrimonial dos espazos cedidos ao Concello de Santiago. Unha vez completados estes pasos realizarase a cesión efectiva das

vías, zonas verdes e instalacións, o que suporá unha notable redución da superficie urbanizada responsabilidade da universidade.

Na cesión das zonas verdes e espazos merecedores dunha especial protección garantirase en todo caso a participación da USC no seu mantemento e conservación.

4.15 Definir e executar o Plan de Mobilidade e Mellora Urbana no Campus Vida

O Plan Especial do Campus Vida (PE-8) establece a obriga de elaborar un Plan de Mobilidade e Mellora Urbana onde se recollan as actuacións necesarias para ordenar os aspectos de mobilidade de persoas e vehículos no ámbito do PE-8, así como as actuacións de mellora das vías, subministracións e instalacións consonte os principios da declaración de emerxencia climática.

A USC colaborará co concello na elaboración do Plan, achegando a información necesaria para determinar as necesidades e integrando as actuacións de renovación das infraestruturas que discorren polo subsolo nas intervencións de renovación das vías e instalacións que realice o Concello na execución das medidas que se inclúan no Plan.

4.16 Mellora urbana e da mobilidade no campus de Lugo

A USC consonte os principios da declaración de emerxencia climática promoverá un marco de colaboración estable co Concello de Lugo para favorecer a integración do campus no contorno da cidade. En particular, impulsaranse os instrumentos de colaboración necesarios para introducir un novo modelo de mobilidade sustentable que una o centro da cidade co campus. Así mesmo, en coherencia cos proxectos de modernización das infraestruturas que está iniciando o Concello de Lugo, buscaranse as fórmulas de colaboración que permitan aproveitar estas iniciativas en beneficio do campus, principalmente no ámbito das subministracións enerxéticas de forma que se favoreza a eficiencia e a sustentabilidade.

5 Planificación, previsións e seguimento

5.1 Planificación e previsións temporais

A planificación temporal e as previsións de investimentos nas actuacións deste plan están condicionadas polas posibilidades de obter o apoio económico doutras

institucións e polo marco orzamentario e normativo que limita as opcións de financiamento da universidade. Por estas razóns é preciso establecer unha planificación aberta, que permita avanzar na definición dos proxectos, dividir en fases as actuacións naqueles casos onde sexa posible e integrar as achegas que se poidan recibir doutras institucións, as subvencións de programas estatais e da comunidade autónoma e os propios investimentos da universidade en obras de reforma, ampliación e mellora.

Atendendo a estas limitacións, a planificación establécese segundo os seguintes principios:

1. Terán prioridade os traballos de elaboración de anteprojectos, proxectos básicos e proxectos de execución das actuacións orientadas a corrixir as deficiencias das dotacións dedicadas á docencia.
2. As actuacións dividiranse en fases en todos os casos onde sexa posible para permitir abordalas en varios exercicios, integrando todas as fontes de financiamento que sexan de aplicación e adecuándoas á planificación temporal das institucións responsables dos programas dos que se pode obter o financiamento.
3. Os fondos propios dedicados a obras de reforma, ampliación e mellora empregaranse prioritariamente nas actuacións identificadas nos proxectos definidos neste plan.
4. Anualmente revisarase o grado de execución do plan e programaranse as actuacións dos seguintes exercicios unha vez se coñezan as posibilidades de financiamento das actuacións.

No caso das actuacións de rehabilitación dos centros docentes incluídos neste documento, adoptárase o seguinte plan de traballo:

1. Estudo do estado actual das dotacións
2. Identificación das necesidades de cada centro
3. Elaboración do anteprojecto de rehabilitación
4. Licitación e elaboración do proxecto básico e proxecto de execución
5. Licitación da execución efectiva para cada unha das fases da intervención.

No caso de actuacións que impliquen a construción de novas edificacións atendendo á singularidade dos proxectos poderase aumentar este programa coa convocatoria dun concurso de ideas para escoller o proxecto que mellor se adapte ás necesidades identificadas no anteproxecto.

A continuación establécese a planificación de cada unha das liñas de traballo para 2019 e 2020 e as previsións para os seguintes exercicios nos casos onde é posible determinalas.

5.1.1 L1: renovación das dotacións docentes e residenciais nos campus de Santiago de Compostela e Lugo

Durante o primeiro semestre de 2020 continuaranse os traballos iniciados en 2019 de análise do estado real das dotacións, definición do programa de necesidades e elaboración do anteproxecto nas seguintes actuacións:

1. Construción dun novo centro para a área das ciencias da saúde na parcela da actual Facultade de Farmacia
2. Ampliación da Facultade de Ciencias da Educación
3. Rehabilitación integral da Facultade de Medicina e Odontoloxía
4. Reubicación da Facultade de Enfermaría
5. Rehabilitación integral da Facultade de Química
6. Rehabilitación integral da Facultade de Xeografía e Historia
7. Integración da Facultade de Formación do Profesorado no campus de Lugo-Fingoi

Durante o segundo semestre de 2020 licitaranse os traballos para a elaboración dos proxectos básicos e de execución das seguintes intervencións:

1. Rehabilitación integral da Facultade de Medicina e Odontoloxía
2. Reubicación da Facultade de Enfermaría
3. Rehabilitación integral da Facultade de Química
4. Rehabilitación integral da Facultade de Xeografía e Historia
5. Ampliación da Facultade de Ciencias da Educación
6. Integración da Facultade de Formación do Profesorado no campus de Lugo-Fingoi

Para a elaboración do proxecto de novo centro docente para a área de ciencias da saúde e sede da Facultade de Farmacia, organizarase un proceso de definición do proxecto nos termos definidos na descrición da actuación, previo á elaboración do anteproxecto. Unha vez rematado este proceso e redactado o anteproxecto, convocarase un concurso de ideas para que profesionais de recoñecido prestixio acheguen as súas propostas para un edificio que, dentro dos parámetros de aforro, eficiencia e sustentabilidade, teña un carácter singular atendendo á súa localización central no Campus Vida e á idea de que sexa o elemento que dea identidade ao campus de ciencias da saúde.

A elaboración do anteproxecto e proxecto básico para a rehabilitación integral da Facultade de Xeografía e Historia está condicionada polos traballos sobre o Plan Director do edificio que está realizando o Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela. En función do estado destes traballos pode ser necesario atrasar a elaboración dos proxectos para este centro.

A finais de 2020, unha vez aclaradas as incertezas sobre o financiamento das obras, planificaranse os traballos de execución das actuacións desta liña para 2021 e os sucesivos exercicios.

5.1.2 L2: rehabilitación do patrimonio

As previsións temporais para as actuacións relativas ao edificio de San Francisco da Facultade de Medicina e Odontoloxía e da Facultade de Xeografía e Historia describíronse no apartado anterior.

A intervención de rehabilitación no Colexio de Fonseca e do Colexio de San Xerome deben planificarse para que estean rematadas no primeiro trimestre de 2021, ano Xacobeo. A Área de Infraestruturas da USC xa elaborou o anteproxecto onde se recollen as actuacións nestes dous edificios polo que só resta licitar o proxecto de execución e os traballos efectivos durante o ano 2020.

5.1.3 L3: mellora das instalacións e do modelo de xestión

No que respecta á definición dun novo modelo de adquisición das subministracións enerxéticas, mantemento e investimentos na renovación das instalacións básicas, os traballos abordaranse segundo as seguintes previsións:

1. Licitarase e executarase o contrato de definición do novo modelo no último trimestre de 2019 e no primeiro trimestre de 2020.
2. Licitarase o contrato de xestión de servizos enerxéticos, mantemento, garantía total e investimentos de mellora no segundo trimestre de 2020.
3. Porase en marcha o novo modelo desde o comezo do segundo semestre de 2020.

No que se refire ás accións de renovación das instalacións de subministración eléctrica, calefacción e climatización, a planificación dos traballos depende principalmente dos prazos nos que o INEGA publique as ordes de subvencións para proxectos de mellora dirixidos ás universidades públicas galegas. En setembro de 2019 publicouse a orde na que se establecen as axudas para 2019 e 2020, que deben estar finalizadas antes do 15 de setembro de 2020. Prevese intervir nas instalacións das seguintes dotacións:

1. Biblioteca Concepción Arenal
2. Biblioteca Intercentros de Lugo
3. Facultade de Dereito
4. Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
5. Facultade de Ciencias da Educación e Facultade de Psicoloxía
6. Residencia Universitaria Burgo das Nacións
7. Residencia Universitaria Bal y Gay
8. Piscina universitaria

O INEGA prevé publicar unha nova convocatoria de axudas en 2020 dirixidas de novo ás universidades públicas galegas. Durante o ano 2020 identificaranse as intervencións de uso de enerxías renovables e melloras da eficiencia enerxética susceptibles de se acolleren a esta nova convocatoria e que non foran financiadas no marco da orde de 2019 ou nos investimentos de mellora das instalacións incluídos no contrato de xestión de servizos enerxéticos.

5.1.4 L4: redistribución das unidades administrativas e de servizos

As intervencións de rehabilitación integral ou nova construción de centros docentes previstas neste plan deberán prever os espazos destinados ás unidades de xestión de centros e departamentos. No que respecta aos centros non

afectados por estas actuacións, a creación destes espazos financiarase a cargo dos créditos de obra de reforma, ampliación e mellora.

No ano 2020 elaborárase o anteproxecto para a unidade de xestión da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, que servirá de proxecto modelo para estas instalacións. En 2020 licítarase e execútase o proxecto desta unidade.

No que respecta ao traslado de unidades ao Pavillón Estudantil e Vivendas dos Funcionarios, no primeiro trimestre de 2020 elaborárase o anteproxecto de uso e reforma destes espazos para licitar e executar as obras de reforma e adaptación que foren necesarias no resto do ano 2020.

5.1.5 L5: mellora urbana e organización da mobilidade no Campus Vida, Campus Norte e no campus de Lugo

Durante o que resta do ano 2019 e o primeiro trimestre de 2020 conclúranse os traballos previos necesarios para facer efectiva a transmisión da titularidade patrimonial dos espazos cedidos no convenio de 2005 ao Concello de Santiago. Neste mesmo período execútaranse as medidas técnicas necesarias para traspasar as liñas de iluminación pública do campus e mais a rede de subministración de auga ao Concello. Unha vez completados estes traballos o Concello poderá facerse cargo das vías, zonas verdes e instalacións cedidas no convenio de 2005.

O Concello de Santiago ten previsto licitar en 2020 a redacción do Plan de Mobilidade e Mellora Urbana previsto no Plan Especial do Campus Universitario. Unha vez confeccionado e aprobado este plan coñeceranse as previsións de investimento do Concello no campus universitario e poderanse programar as accións de mellora das infraestruturas de saneamento, subministracións e comunicacións previstas neste plan.

No que respecta ao Concello de Lugo, no ano 2019 iniciáranse os contactos institucionais para promover a colaboración entre ambas institucións e definir os instrumentos que concreten os compromisos do Concello e a Universidade no que respecta á mellora da mobilidade e a colaboración nos proxectos de modernización das infraestruturas.

5.2 Seguimento

Anualmente, no marco do informe de xestión presentado ao Claustro e ao Consello de Goberno, analizarase o grao de cumprimento das medidas e actuacións previstas neste plan de forma que se poida verificar o seu avance e actualizar as previsións para exercicios sucesivos en función das circunstancias de desenvolvemento dos traballos e da dispoñibilidade de fondos para financiar as actuacións.

Así mesmo, na primeira dación de contas que se realice da execución do Plan incorporárase o cronograma coas contías estimadas para as diferentes accións, os investimentos e aforros previstos e as posibles fontes de financiamento.

6 Estimacións de investimento e aforro

Como se expuxo en apartados anteriores, moitas das medidas do plan requiren da elaboración de anteproxectos e proxectos que determinen o contido concreto das actuacións e, en consecuencia, a valoración exacta dos investimentos e dos aforros xerados. Así pois, neste momento só se poden establecer estimacións de custos e aforros en función da superficie afectada polas medidas, dos custos coñecidos para proxectos similares e dos datos de gasto en subministracións, mantemento, limpeza e seguridade dos que se dispón no sistema de contabilidade analítica. Durante o ano 2020, a medida que se elaboren os anteproxectos das actuacións terase unha estimación máis precisa dos investimentos necesarios e das reducións no gasto derivados da redución da superficie que se debe manter e da modernización das instalacións.

A estimación do custo das intervencións na fase previa á elaboración de anteproxectos só pode facerse valorando as actuacións segundo superficie afectada e tipoloxía dos espazos e das intervencións. Na estimación que se presenta neste documento empregáronse os seguintes custos de referencia: 1.250 €/m² para as reformas integrais e 1.750 €/m² para obra nova. Nestes importes tivéronse en conta os gastos de renovación das instalacións, equipamento e mobiliario, os honorarios habituais de redacción de anteproxectos, proxectos e dirección de obra así como as partidas correspondentes de gastos xerais, beneficio industrial e continxencias. Debe terse en conta que estas cantidades forman o valor estimado de licitación que é superior ao valor polo que


se adxudican as intervencións en función das ofertas presentadas polas empresas licitadoras.

Segundo estas estimacións preliminares prevese unha redución de 25.000 metros cadrados na superficie total construída e un aforro en gastos de subministracións, mantemento, limpeza e seguridade de 1.000.000 €/ano ao se remataren de implantar as medidas.





Durante o ano 2020 asignaranse os fondos necesarios para a realización dos anteprojectos e, de ser o caso, dos proxectos básicos e de execución para as actuacións planificadas neste exercicio. Estímase en 700.000€ o crédito necesario para estes traballos.







Anexo I. Zonas verdes do Campus Vida



U EQUIPAMIENTO UNIVERSITARIO
 UD COSETE E INVESTIGACIÓN
 UC COMPLEMENTARIOS
 UN AMERICANA-RECREACIONAL
 USEP REPARTIVO
 ES ESPACIOS LIBRES Y ZONAS VERDES PUBLICAS
 PU PARQUE URBANO
 JU JARDIN BOTANICO
 • REFERIDO AL PLAN GENERAL

-  ZONA VERDE
-  ZONA EDIFICACION UNIVERSITARIA
-  ZONA DEPORTIVA
-  APARCAMIENTO

-  AMBITO PLAN ESPECIAL
-  LIMITE SUELO URBANO - URBANIZABLE
-  LIMITE DE ZONA
-  AREA DE MOVIMIENTO DE NUEVA EDIFICACION



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
**REVISIÓN E ADAPTACIÓN DO PLAN ESPECIAL
 DE ORDENACIÓN DO CAMPUS UNIVERSITARIO PE-8**

INFORMACIÓN

DOC. DE
 TRANSMISIÓN
 ESCALA 1/2000

JULIO 2008
 UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PLANO Nº
33

ORDENACIÓN VIXENTE

U EQUIPAMIENTO UNIVERSITARIO UC COMPLEMENTARIOS UC AMBIENTAL-RECREATIVO UC ESPACIOS LIBRES Y ZONAS VERDES PUBLICAS

UD SOBORTE E INVESTIGACIÓN UC COMPLEMENTARIOS UC AMBIENTAL-RECREATIVO UC ESPACIOS LIBRES Y ZONAS VERDES PUBLICAS

USP ESPACIO CULTURAL UC COMPLEMENTARIOS UC AMBIENTAL-RECREATIVO UC ESPACIOS LIBRES Y ZONAS VERDES PUBLICAS

PU PARQUE URBANO UC COMPLEMENTARIOS UC AMBIENTAL-RECREATIVO UC ESPACIOS LIBRES Y ZONAS VERDES PUBLICAS

JR JARDIN BOTANICO UC COMPLEMENTARIOS UC AMBIENTAL-RECREATIVO UC ESPACIOS LIBRES Y ZONAS VERDES PUBLICAS

• REFERIDO AL PLAN GENERAL

ZU ZONA VERDE

ZEU ZONA EDIFICACION UNIVERSITARIA

ZD ZONA DEPORTIVA

P APARCAMIENTO

AMBITO PLAN ESPECIAL

LIMITE SUELO URBANO - URBANIZABLE

LIMITE DE ZONA

AREA DE MOVIMIENTO DE NUEVA EDIFICACION



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

REVISIÓN E ADAPTACIÓN DO PLAN ESPECIAL

DE ORDENACIÓN DO CAMPUS UNIVERSITARIO PE-8

INFORMACIÓN

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DEPARTAMENTO DE ENXEÑERÍA DE ARQUITECTURA

JULLO 2006

DOC. DE TRANSMIÇÃO

ESCALA 1/2000

PLANO Nº

34

ORDENACIÓN VIXENTE

U EQUIPAMIENTO UNIVERSITARIO

UD EDIFICIO DE INVESTIGACIÓN UC COMPLEMENTARIOS

UE ESPACIO CULTURAL UC AMBISTACIONAL-RESIDENCIAL

UEP ESPACIO DEPORTIVO UC

■ ESPACIOS LIBRES Y ZONAS VERDES PUBLICAS

■ PARQUE URBANO ESPACIO LIBRE

■ JARDIN BOTANICO

• REFERIDO AL PLAN GENERAL

ZU ZONA VERDE

ZEU ZONA EDIFICACION UNIVERSITARIA

ZD ZONA DEPORTIVA

P APARCAMIENTO

--- AMBITO PLAN ESPECIAL

--- LIMITE SUELO URBANO - URBANIZABLE

--- LIMITE DE ZONA

■ AREA DE MOVIMIENTO DE NUEVA EDIFICACION